vinetur

17 de Maio, Florencio Delgado Gurriarán, degustando versos e lendo viños

martes 17 de mayo de 2022

ESCRITO POR MEMBAJADORA


Godello de Valdeorras,
emblema dunha terra
VALDEORRAS
Florencio Delgado Gurriarán
ANTOLOXÍA
POÉTICA
Florencio Delgado Gurriarán
BEBEDEIRA
EDITORIAL GALAXIA
LETRAS GALEGAS
Clásicos

Chegou por fin o día de Florencio, o día dun Valdeorrés galeguista e republicano, un escritor pegado a terra e cunha gran inspiración nos viños da sua comarca.

Coincido con Pepe González, do Foro Enrique Peinador, en que xa vai sendo hora de que máis cun día das letras galegas o que deberamos celebrar e un día da cultura galega, por que son moitos os eidos , máis aló das puras letras, os que fan e deben facer uso do idioma. O mesmo Florencio así o fixo .

O Día das Letras Galegas e a diglosia

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ



SON DOS QUE opinan que o Día das Letras Galegas debería mudar o seu obxectivo fundacional de divulgar a literatura galega por outro formato que explore novos horizontes. Esta exclusividade deixa sen visibilidade outros espazos nos que se xoga o futuro da lingua. Ainda máis: sinten atraídas, en absoluto, polo carácter destas celebracións literarias; miranas de esguello, con indiferenza.

As mudanzas sociais habidas desde 1963, ano da súa institucionalización, deixa hoxe foron moitas. Cómpre innovar, sen que iso implique descoidar o conseguido. No ámbito universitario a oferta de especializacións ampliouse, quedando as humanidades proporcionalmente moi reducidas. A incorporación do estudo da lingua galega ao curriculum escolar tivo, evidentemente, efectos positivos na identificación dos galegos e galegas coa súa identidade, pero non na medida que debera. Os datos que a cada pouco ofrecen as enquisas sobre os usos lingüísticos son reveladores nese sentido.

O desinterese pola regaleguización doutros ámbitos sociais produciu espazos estancos ocupados polo castelán, malia contarmos cun Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia. As orientacións propostas polo plan deberían ser motivo de reflexión para reorientar esta convocatoria, procurando ser máis inclusivo, con outros protagonistas que acaden maiores adhesións para a galeguización.

Florencio Delgado Gurriarán, figura central do Día das Letras Galegas, era coñecedor das mudanzas que se estaban a producir no seu tempo. Por iso, cando formou parte do Consello de Redacción da gran revista que foi 'Vieiros', editada polo exilio mexicano, era partidario de publicar nela máis artigos sobre temas económicos, máis ciencia «aínda que haxa menos traballos puramente literarios, xa que hoxe é posible escribir de todo en galego». Cando afirmaba isto en 1959, o escritor valdeorrés, estaba a referirse, sen citalos, por poñermos algúns exemplos, a Rof Carballo, figura de contrastado galeguismo, de gran prestixio no eido da medicina sicosomática europea, que viña de publicar dous anos antes na Editorial Galaxia 'Mito e realidade da Terra Nai', un tratado científico de medicina antropolóxica, e a Antón Beiras, tamén de militancia galeguista, autor do primeiro traballo de investigación escrito en lingua galega sobre o estrabismo. Tamén coñecía Gurriarán a experiencia de 'Zeltia', afamado laboratorio dedicado á investigación de produción de pesticidas, onde tiñan acubillo recoñecidos científicos galeguistas antifranquistas, que editaba o 'Almanaque Agrícola ZZ', íntegramente en lingua galega; unha novidosa experiencia no campo da comunicación empresarial. Os seus lectores, que endexamais tiveran nas súas mans un libro de literatura en galego, lían con naturalidade os relatos científicos expresados no noso idioma.

Por eses anos, a Revista de Economía de Galicia, que se publicaba en castelán porque as autoridades franquistas prohibiron que se editase no idioma do país, reiteraba nos seus editoriais o dereito a utilizar en espazos inéditos —economía, ciencia, publicidade— a lingua galega.

A celebración do 17 de maio deberíase denominar Día da Lingua Galega. Con esta mudanza de criterio, incorporaríanse outros sectores sociais; sen eles é imposible a regaleguización do país. Desactivando ao tempo a mensaxe subliminal da diglosia que callou tan fondamente nalgunhas mentalidades, desprezando a nosa identidade cultural subordinándose a «linguas de comunicación universal».

Hai razóns sociolingüísticas que aconsellan a innovación desta xornada reivindicativa. Por poñermos algúns exemplos: os consumidores son decisivos na galeguización da economía, no caso de amosaren preferenza polos produtos etiquetados no noso idioma. Tamén habería máis protocolos notariais na nosa lingua se no caso dos testamentos houbese vontade persoal de escrituralos nela. Ditaríanse máis sentenzas en lingua galega se se invocase a aplicación do dereito recoñecido no art. 7.2 da Lei de Normalización Lingüística. O dito: hai que ampliar o discurso galeguizador. O demais é facer xogos florais, formato anacrónico de dinamización lingüística.

O persoeiro que neste 2022 foi elixido para representar este 17 de maio estaría tremendamente orgulloso de ver hoxe no seu Córgomo natal en Valdeorras as suas 3 fillas pero moito máis de ver como moita da sua familia segue ese ronsel cultural sexa no teatro, poesía, música,....e tremendamente sorprendido de canto leva percorrido a modo de corpóreo de madeira , da cantidade de actividades primeiro para conseguir que este 17 de maio fora o seu (lembro xa fai anos a sua poesía,viño e música no Silfest, dalo a coñecer na Feira do Viño e un sinfín de actividades e eventos en Valdeorras, Galicia e fora incluso da rexión ,para acercar a sua figura. Eu invitaría a Asociación Florencio Delgado Gurriarán a facer un recopiladtorio, non lembro un representante deste día tan homenaxeado e celebrado na espera do 17 de maio e o que virá, de seguro non cairá no olvido.



No pasado abril a Ruta do Viño de Valdeorras deunos a oportunidade de formar parte dunha xornada inesquencible, de como o viño inspirou a Florencio. Na compaña de Aurelio Branco Trincado do Instituto de Estudios Valdeorreses, O edil de Vilamartín, o concelleiro de Turismo de O Barco de Valdeorras, o presidente da Ruta do Viño , xente

do viño e outras con ganas de celebrar e disfrutar da poesía do escritor e os viños da sua terra. Alá foron 6 poemas e 6 viños



Bebedeira nos fala do cabelo cor do viño branco e de beizos da cor do tinto. Dunha nena cos ollos como augardente e de como beber ese amor a bicos, pinga a pinga. Acompañamos esta poesía cun **Brinde Reserva escumoso** de godello de Bodegas Roandi (Éntoma- O Barco de Valdeorras).

Nos beizos o poema de ***Córgomo de Valdeorras*** fala de lembranzas ácidas , da niñez, da mocidade, de esa noiva de 15 anos e esa" fror "de Valdeorras. Na copa o godello **Viñaredo de Córgomo.** Frescura, untuosidade, sabor e persistencia, envolvente, como ese primeiro amor.

O poema ***In Vino Véritas*** fala de fuxir das falsedades,da luz e franqueza no naríz da godello. Foi saboreado cun **Quinta da Peza godello** da Rúa. Viño de pronunciado aroma, elegante e delicado, con esa franqueza da que nos fala nos seus versos. Moita personalidade.

Os versos de ***Louvores da godello*** que nos falan das viñas da Portela e do deleitoso godello nado en encostas laxentas os saboreamos co **Luar do Sil godello (**Pago Capellanes), viño de pureza e carácter que interpreta os clásicos de xeito intenso,fresco e mineral.

O poema ***O Casoiro*** e un recital de castes de festa, mesmo castes que a día de hoxe non hai na comarca. E moi fácil escoitando este poema facer una composición das cepas do seu momento. Estas letras degustámolas cun **Mil Rios Mencía** de Petín de Adega Terriña que se nos amosou amplo, voluminoso e estructurado. Un viño complexo que xestiona moi ben a sua singularidade. Suave, sedoso e maduro, como este gran poema.

A ***Cantiga da Vendima*** interpreta as verdes apertas das vide, os culeiros o sol, os bagos doces na boca e o agredoce da garnacha como un **Coronela Garnacha** de Adega O Cepado en Rubiá, un viño tan versátil como Florencio, con viveza e elegancia, ainda sendo de racimos moi maduriños de cepas vellas

Para min (@membajadora e @catasyenoturismo) un gran pracer disfrutar da cultura valdeorresa ca Ruta do Viño de Valdeorras e que me permitan disfrutar destes xeitos do mellor do viño e as nosas letras. A poetisa que interpretou estas verbas foi @Diana

Rodriguez Ramos de @quedaenvaldeorras



Mil gracias pola colaboración a @asletrasdeflorencio


REDMI NOTE 9
MEMBAJADORA





O 17 maio "Día das Letras Galegas" coincide co " Día Mundial da Reciclaxe", pensa tamén en dar unha segunda oportunidade o galego(si o tes en desuso) e de alonxar fobias . Pensa en galego e da preferencia a producto galego etiquetado en galego, eche un valor engadido

17 de Maio, Florencio Delgado Gurriarán, degustando versos e lendo viños

Por fin ha llegado el día de Florencio, el día de un Valdeorrés gallego y republicano, un escritor pegado a la tierra y con una gran inspiración en los vinos de su tierra.

Coincido con Pepe González, del Foro Enrique Peinador, en que es hora de más de un día de "letras galegas" lo que deberíamos celebrar es un día de cultura gallega, porque hay muchos campos, más allá de las letras puras, que hacen y deben hacer uso del idioma. El mismo Florencio hizo precisamente eso.

El escritor que en este 2022 fue elegido para representar este 17 de mayo estaría tremendamente orgulloso de ver hoy en su Córgomo natal (Valdeorras) a sus 3 hijas pero mucho más de ver cuanta de su familia sigue esa estela cultural en teatro, poesía, música. ,....Y tremendamente sorprendido por lo mucho que ha viajado como un "corpóreo" de madera, la cantidad de actividades primero para conseguir que este 17 de mayo ha sido su día (recuerdo hace años su poesía,vino y música en el Silfest; darlo a conocer en la Feria de Vino y un sinfín de actividades y eventos en Valdeorras, Galicia e incluso fuera de la comarca para acercar su figura. Creo que la Asociación Florencio Delgado Gurriarán, As Letras de Florencio, debiera hacer una recopilación, no recuerdo un representante de este día tan homenajeado y celebrado con antelación al 17 de mayo y lo que está por venir .

El pasado mes de abril, la Ruta del Vino de Valdeorras nos dio la oportunidad de formar parte de una jornada inolvidable, sobre cómo el vino inspiró a Florencio. En compañía de Aurelio Branco Trincado del Instituto de Estudios Valdeorreses, el alcalde de Vilamartín, el concejal de Turismo de O Barco de Valdeorras, el presidente de la Ruta del Vino de , gente del vino y otras muchas con ganas de celebrar y disfrutar de la poesía del escritor y los vinos de su tierra. Degustamos 6 poemas y 6 vinos.

Bebedeira nos habla de su cabello color vino blanco y sus labios color vino tinto. De una niña con ojos como aguardiente y como beber ese amor a besos, gota a gota. Acompañamos esta poesía con un Espumoso Brinde Reserva de Godello de Bodegas Roandi (Entoma- O Barco de Valdeorras).

En boca, el poema de Córgomo de Valdeorras habla de recuerdos ácidos, de infancia, de juventud, de aquella novia de 15 años y de aquella flor de Valdeorras. En la copa el godello Viñaredo de Córgomo. Frescura, untuosidad, sabor y persistencia, envolvente,

como aquel primer amor

El poema In Vino Véritas habla de huir de las falsedades, la luz y la franqueza en la nariz del godello. Se degustó con un Godello de A Rúa, Quinta da Peza. Vino de aroma pronunciado, elegante y delicado, con esa franqueza de la que nos habla en sus versos. Mucha personalidad.

Los versos de Louvores da godello que nos hablan de los viñedos de A Portela y el delicioso godello nacido en laderas inclinadas se saborean con Luar do Sil godello (Pago Capellanes), un vino de pureza y carácter que interpreta los clásicos con intensidad, frescor y mineralidad.

El poema O Casoiro es un recital de castas de fiesta, incluso variedades que hoy no están en la comarca. Y muy fácil escuchar este poema y hacerse una composición de las viñas de su tiempo. Degustamos estas letras con un Mil Ríos Mencía de Petín de Adega Terriña que se nos mostró amplio, voluminoso y estructurado. Un vino complejo que gestiona muy bien su singularidad. Suave, sedoso y maduro, como este gran poema.

La Cantiga da Vendimia interpreta los abrazos verdes de las vides, los "culeiros" al sol, las bayas dulces en boca y un amargor agridulce como el Coronela Garnacha de Adega O Cepado en Rubiá, un vino tan versátil como Florencio, con vivacidad y elegancia aún siendo de racimos muy maduros de viejas cepas

Es un gran placer para mí poder disfrutar de la cultura de Valdeorras con la Ruta del Vino de Valdeorras y disfrutar de esta forma de lo mejor del vino y de nuestras letras.

El 17 de mayo, el "Día de las Letras Gallegas" coincide con el "Día Mundial del Reciclaje", piensa también en darle una segunda oportunidad al gallego (si lo tienes en desuso) y en ahuyentar las fobias. Piensa en gallego y da preferencia al producto gallego etiquetado en gallego, un valor añadido.